

Os deputados e deputadas que constitúen o Intergrupo Paz e Liberdade para o Pobo Saharai do Parlamento de Galicia, integrado por representantes dos cinco grupos presentes no devandito Parlamento, conxuntamente coa Asociación de Solidaridade co Pobo Saharauí-SOGAPS conformamos unha delegación co obxecto de realizar unha visita aos territorios ocupados do Sahara Occidental. Esa delegación tiña a intención de observar in situ a situación que vive a poboación saharauí en canto aos dereitos humanos.

A creación desa delegación veu motivada polas diversas solicitudes recibidas nos últimos meses para que realizáramos unha visita, solicitudes que proviñan de organizacións defensoras de dereitos humanos e de familiares de persoas presas nas cárceres marroquís e desaparecidas.

Diante desas solicitudes decidimos trasladarnos ao Aaiún, para tomar contacto directo coa situación nos territorios ocupados do Sahara Occidental; queríamos reunirnos especialmente coas ONGs saharauís para recabar toda a información sobre a situación que se vive neste momento nese territorio; sobre todo tras a expulsión de 84 membros do persoal civil da MINURSO e da Unión Africana, e despois das denuncias de torturas, secuestros e xuízos sumarísimos contra manifestantes pacíficos.

A delegación iniciou a viaxe ao Aaiún o venres 13 de maio desde o aeroporto das Palmas de Gran Canaria, coa intención de permanecer ata o domingo 15. Ao chegar ao aeroporto do Aaiún a nosa sorpresa foi a presenza de autoridades policiais e locais marroquís que nos impediron baixar do avión, posteriormente un grupo encabezado por unha persoa que se identificou como Vice-alcalde do Aaiún subiu á aeronave da compañía española Binter, na que tiñamos viaxado ata alí, e comunicounos que non eramos benvidos, e que nos expulsaban do territorio por non ser neutrais diante do conflito existente no Sahara Occidental. Así o fixeron e tivemos que volver no mesmo avión sen sequer baixar del.

Diante destes feitos queremos manifestar:

Que a nosa preocupación é máxima pola blindaxe á que Marrocos ten sometido o territorio do Sahara Occidental, impedindo que observadores/as internacionais poidan dar conta do que alí acontece.

Que este illamento do territorio lévanos a temer pola posible multiplicación da violencia contra o pobo saharauí, nun espazo hermético, onde os dereitos humanos do pobo saharauí cada vez son negados con maior crueldade e son violados a diario.

Que si Marrocos non permitiu entrar no Sahara Occidental, a unha delegación de representantes do pobo galego, e procedeu a expulsarnos, igual que leva feito no que levamos de ano 2016, con outras 120 persoas integrantes de delegacións parlamentares, xuristas, ONGs e xornalistas de diferentes países, ten moito que ocultar. Pois do contrario non tería problema en permitirnos realizar o noso labor de observadores/as.

Que o pobo saharauí leva máis de 40 anos agardando estoicamente unha solución, polo que é precisa toda a presión para poñer fin ao conflito dun territorio que non foi descolonizado senón ocupado ilegalmente.

Por todo o manifestado solicitamos da institución que vostede preside que:

Demande de Marrocos explicacións pola sistemática vulneración do dereito internacional ao impedir a presenza de observadores/as internacionais que verifiquen a protección dos dereitos humanos no Sahara Occidental.

Inste ao Goberno de Marrocos a que proceda a facilitar de inmediato o retorno da totalidade dos integrantes da MINURSO, de maneira que poida cumprir a totalidade do mandato establecido polo Consello de Seguridade, na resolución 6/90 de 1991, que determina a celebración do referendo de autodeterminación, que permita ao pobo saharauí decidir o seu propio futuro. Xa que o establecido nesta resolución foi o que permitiu o acordo entre as partes e o alto ao fogo hai 25 anos.

Esta carta irá dirixida a:

Secretario Xeral do Consello de Seguridade de Nacións Unidas

Goberno español

Parlamento europeo